

A cultura é a resposta que o home dá ás súas necesidades básicas. A cultura é o modo que o home ten de situarse no mundo. É o comportamento aprendido no seo da sociedade. Poderíamos definir a cultura como o modo de vida dun pobo, como o medio que un grupo de seres humanos que ocupan un territorio común creou a través das súas ideas, das súas institucións, dos seus utensilios, do seu idioma, das súas ferramentas, dos seus servicios, e dos seus sentimentos...

A cultura identifícase ate tal punto coa propia vida que poderíamos dicir, con toda xustiza, que a cultura non se impón á vida, senón que é un alongamento da vida. Do mesmo xeito que unha ferramenta amplía e estende as posibilidades da man, así a cultura mellora e enriquece as posibilidades vitais.

(Ashley Montagu. Homo sapiens. Dous millóns de anos sobre a terra)

Cuestións texto:

- 1) ¿Que definición de *cultura* aporta o texto?, ¿que importancia ten para o ser humano a cultura?, ao fío desta última pregunta, explica o exemplo da ferramenta. ¿Onde e como se adquire a cultura?, ¿é un produto individual ou colectivo? Responde as cuestións e aporta as citas pertinentes.